<ul style="list-style-type: none"> - A Ilustración como cumio da modernidade. - O proxecto ilustrado: potencia e límites da razón. - Os dereitos do home. - A filosofía crítica de Immanuel Kant e o problema da metafísica como ciencia. - A ética formal kantiana fronte ás éticas materiais (éticas da felicidade e utilitarismo).

UD	Título da UD	Duración
5	Filosofía contemporánea: século XIX. A Dialéctica hegeliana e a esquerda hegeliana; Anarquismo; Socialismo utópico.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Xerar un coñecemento rigoroso de fontes e documentos filosoficamente relevantes, aplicando técnicas de busca, organización, análise, comparación e interpretación destes, e relacionándoos correctamente con contextos históricos, problemas, teses, autoras e autores, así como con elementos pertencentes a outros ámbitos culturais.	Analiza e relaciona épocas, contextos e problemáticas diferentes	PE	95
CA3.3 - Empregar argumentos de modo rigoroso, recoñecendo e aplicando normas, técnicas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas, e evitando modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses.	Exprésase de xeito escrito empregando unha boa argumentación		
CA3.6 - Identificar, comprender e debater sobre os principais problemas, ideas, teses e controversias filosóficas da historia do pensamento, a través da análise e comentario crítico de textos e documentos filosóficos ou relevantes para a filosofía.	Comprende e extrae a idea principal dun texto filosófico, ideas secundarias e varios conceptos fundamentais ben definidos.		
CA3.8 - Afrontar os grandes problemas filosóficos no seu dobre aspecto histórico e universal, a través da análise e exposición crítica das condicións culturais que permitiron a aparición e evolución daqueles en distintos momentos da historia.	Comprende e expón de xeito escrito o contexto dos problemas filosóficos		
CA3.9 - Comprender a dimensión temporal e universal dos problemas filosóficos máis importantes, comparando mediante esquemas ou outros produtos ou actividades o tratamento filosófico que se fai deles en distintas épocas, escolas, tradicións, autoras e autores.	Expón de xeito escrito a trascendencia dos problemas filosóficos		
CA3.10 - Adquirir unha concepción sistémica e relacional da historia da cultura occidental, e do papel das ideas filosóficas nela, mediante a análise, comentario e comparación de textos ou documentos literarios, historiográficos, xornalísticos, científicos ou relixiosos, así como de calquera outra manifestación cultural, nos que se expresen problemas e concepcións filosoficamente relevantes.	Distingue as ideas fundamentais dun texto, expoñendoas coas súas palabras e sen copialas literalmente, e ademais logra explicalas mínimamente.		
CA3.2 - Construír xuízos propios sobre problemas histórico-filosóficos, a través da elaboración e presentación de documentos e traballos de investigación sobre estes con precisión e aplicando os protocolos ao uso, tanto de forma individual como grupal e cooperativa.	Elabora exercicios ou actividades con conclusións propias	TI	5
CA3.4 - Soste o hábito do diálogo argumentativo, empático, aberto e construtivamente comprometido coa procura do coñecemento, a través da participación activa, respectuosa e colaborativa en cantas actividades se propoñan.	As súas intervencións parten da escoita activa e integran as aportacións das compañeiras e compañeiros		
CA3.5 - Adquirir e expresar un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden.	Expresa de xeito oral ou escrito ao menos un elemento principal de cada proposta filosófica ao longo da historia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Xerar unha concepción plural, dialéctica, aberta e crítica da historia do pensamento, a través da comprensión, a realización de sínteses comparativas e a exposición das relacións de oposición e complementariedade entre teses, escolas, filósofos e filósofos dunha mesma época ou tradición ou de distintas épocas e tradicións.	Expresa de xeito escrito a importancia do diálogo entre escolas filosóficas ao longo da historia		
CA3.11 - Desenvolver a autonomía de xuízo e promover formulacións, actitudes e accións ética e civicamente consecuentes con respecto a problemas fundamentais da actualidade, a partir da comprensión de ideas, teorías e controversias histórico-filosóficas que poidan contribuir a clarificar tales problemas, e a elaboración de propostas de carácter crítico e persoal con respecto a estes.	Elabora un xuízo persoal argumentado acerca das diferentes propostas éticas e cívicas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O cuestionamento do proxecto político da ilustración desde o século XIX á actualidade. - A creba do pensamento filosófico occidental. - O existencialismo. - A analítica do ser-aí. Heidegger. - Existencia humana e liberdade radical. Sartre. - O pensamento feminista desde a ilustración. - A reclamación do carácter de suxeito das mulleres: Mary Wollstonecraft e Olympe de Gouges. - A loita polos dereitos civís e políticos das mulleres durante os séculos XIX e XX. Simone de Beauvoir.

UD	Título da UD	Duración
6	Filosofía contemporánea: século XIX. Sistema filosófico de K. Marx e análise de textos para ABAU.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Xerar un coñecemento rigoroso de fontes e documentos filosoficamente relevantes, aplicando técnicas de busca, organización, análise, comparación e interpretación destes, e relacionándoos correctamente con contextos históricos, problemas, teses, autoras e autores, así como con elementos pertencentes a outros ámbitos culturais.	Analiza e relaciona épocas, contextos e problemáticas diferentes	PE	95

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Empregar argumentos de modo rigoroso, recoñecendo e aplicando normas, técnicas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas, e evitando modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses.	Exprésase de xeito escrito empregando unha boa argumentación		
CA3.5 - Adquirir e expresar un coñecemento significativo das máis importantes propostas filosóficas que se sucederon ao longo da historia, a través da indagación sobre elas e a identificación das cuestións ás que responden.	Expresa de xeito escrito alomenos un elemento principal de cada proposta filosófica ao longo da historia e varios conceptos fundamentais ben definidos.		
CA3.6 - Identificar, comprender e debater sobre os principais problemas, ideas, teses e controversias filosóficas da historia do pensamento, a través da análise e comentario crítico de textos e documentos filosóficos ou relevantes para a filosofía.	Comprende e extrae a idea principal dun texto filosófico, as ideas secundarias expresadas coas súas palabras e recorrendo á súa explicación filosófica.		
CA3.8 - Afrontar os grandes problemas filosóficos no seu dobre aspecto histórico e universal, a través da análise e exposición crítica das condicións culturais que permitiron a aparición e evolución daqueles en distintos momentos da historia.	Comprende e expón de xeito escrito o contexto dos problemas filosóficos		
CA3.10 - Adquirir unha concepción sistémica e relacional da historia da cultura occidental, e do papel das ideas filosóficas nela, mediante a análise, comentario e comparación de textos ou documentos literarios, historiográficos, xornalísticos, científicos ou relixiosos, así como de calquera outra manifestación cultural, nos que se expresen problemas e concepcións filosoficamente relevantes.	Distingue a tese principal, ideas secundarias, e logra explicalas só brevemente, recorrendo ás teorías e conceptos do pensador.		
CA3.2 - Construír xuízos propios sobre problemas histórico-filosóficos, a través da elaboración e presentación de documentos e traballos de investigación sobre estes con precisión e aplicando os protocolos ao uso, tanto de forma individual como grupal e cooperativa.	Elabora exercicios e actividades con conclusións propias		
CA3.4 - Soster o hábito do diálogo argumentativo, empático, aberto e construtivamente comprometido coa procura do coñecemento, a través da participación activa, respectuosa e colaborativa en cantas actividades se propoñan.	As súas intervencións parten da escoita activa e integran as aportacións das compañeiras e compañeiros		
CA3.7 - Xerar unha concepción plural, dialéctica, aberta e crítica da historia do pensamento, a través da comprensión, a realización de sínteses comparativas e a exposición das relacións de oposición e complementariedade entre teses, escolas, filósofas e filósofos dunha mesma época ou tradición ou de distintas épocas e tradicións.	Expresa de xeito escrito a importancia do diálogo entre escolas filosóficas ao longo da historia	TI	5
CA3.9 - Comprender a dimensión temporal e universal dos problemas filosóficos máis importantes, comparando mediante esquemas ou outros produtos ou actividades o tratamento filosófico que se fai deles en distintas épocas, escolas, tradicións, autoras e autores.	Expón de xeito escrito a trascendencia dos problemas filosóficos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.11 - Desenvolver a autonomía de xuízo e promover formulacións, actitudes e accións ética e civicamente consecuentes con respecto a problemas fundamentais da actualidade, a partir da comprensión de ideas, teorías e controversias histórico-filosóficas que poidan contribuír a clarificar tales problemas, e a elaboración de propostas de carácter crítico e persoal con respecto a estes.	Elabora un xuízo persoal argumentado acerca das diferentes propostas éticas e cívicas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O cuestionamento do proxecto político da ilustración desde o século XIX á actualidade. - O pensamento revolucionario de Marx: dialéctica e materialismo histórico. - A crítica aos totalitarismos no século XX: da dialéctica da ilustración na Escola de Frankfurt á banalidade do mal en H. Arendt. - A creba do pensamento filosófico occidental. - A crítica á cultura occidental en Nietzsche. Nihilismo e transvaloración. - Alén do suxeito da modernidade. Posmodernidade, deconstrución e pensamento feble. - O xiro lingüístico na análise dos problemas filosóficos. Wittgenstein e a filosofía analítica. - O pensamento feminista desde a ilustración. - A reclamación do carácter de suxeito das mulleres: Mary Wollstonecraft e Olympe de Gouges. - A loita polos dereitos civís e políticos das mulleres durante os séculos XIX e XX. Simone de Beauvoir. - O pensamento feminista na actualidade. - A filosofía española no século XX: do raciovitalismo de Ortega y Gasset á razón poética de M. Zambrano. - O pensamento galego no século XX.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As orientacións metodolóxicas nesta materia orientanse a:

- Espertar a curiosidade e interese do alumnado polos problemas suscitados noutras etapas históricas mediante a planificación de contextos e estratexias de aprendizaxe que o acheguen ao seu contexto vivencial, establecendo similitudes con problemas actuais.
- Propiciar a autonomía na busca e procesamento da información para os temas tratados.
- Promover a lectura e análise de textos filosóficos e a elaboración de comentarios sobre eles que inclúan reflexións críticas argumentadas.
- Propoñer a planificación e elaboración, por parte das alumnas e dos alumnos, de traballos de investigación ou creación que potencien a relación da filósofa ou filósofo con outras materias e contextos culturais.
- Mellorar as estratexias de procura de información, xestión e creación de coñecemento a través da Rede.
- Formular as diversas actividades con diferente grao de complexidade en función dos recursos cognitivos necesarios para realízalas, coa dobre finalidade de atender á diversidade dentro da aula e permitir unha autoavaliación axeitada e unha motivación progresiva cara a niveis de maior complexidade.
- Promoverase nos alumnos e nas alumnas a capacidade de determinar cales son as súas propias necesidades de

información, tanto xeral coma específica e como satisfacelas ensinándolle a distinguir a información e súa calidade e pertinencia.

- Finalmente, o exercicio da composición fomentará a capacidade de determinar enfoques propios a temas tradicionais, xunto coa capacidade de establecer relacións e de argumentar, habilidades todas elas necesarias para acadar a madureza intelectual.

En cada unidade o profesorado fará unha análise de textos (tendo en conta os seleccionados para as ABAU) e exercerá a técnica de lectura, comprensión e expresión escrita do alumnado tendo de referencia o vocabulario filosófico específico.

A metodoloxía será activa e participativa, na que ao mesmo tempo se propiciará a escoita activa do alumnado entre si e tamén do profesorado.

Ao inicio de curso, expanse os instrumentos de avaliación

Deseñaranse e aplicaranse probas e tarefas axustadas ás características do alumnado, actividades de avaliación con diferentes niveis de complexidade, activando diferentes recursos cognitivos.

Avaliación continua nunha ampla variedade de situacións, avaliando tarefas individuais e grupais. Nas tarefas grupais avaliaranse, ademais dos progresos na aprendizaxe, a implicación e aportacións do alumnado participante.

A avaliación, ademais de informar dos erros cometidos e da puntuación acadada, trasladará propostas de mellora. Deseñaranse criterios de avaliación ou rúbricas para autoavaliación ou coavaliación do alumnado.

No caso de ser preciso realizar atención educativa non presencial procederáse tal como se expón:

- Desenvolvemento das sesións empregando a aula virtual e o correo electrónico como ferramenta. Sesións individuais de reforzo ao alumnado que presenta maiores dificultades (desvoltas en sesións distintas das previstas para a materia nos horarios dos grupos).

- Aula Virtual e páxina web do centro: facilitadores da comunicación colectiva.

- Mensaxería Aula Virtual e correo electrónico, facilitadores das comunicacións individuais.

- Entrega de tarefas en papel para o envío dos exercicios propostos.

Cada unidade didáctica contará cos seguintes elementos:

1. Unha selección de textos filosóficos (referencia os propostos pola CIUG)

2. Unha explicación teórica por parte da profesora ou profesor para chegar os contidos

3. Exercitación da técnica de lectura e comprensión de textos

4. Exercitación da expresión escrita en base ao vocabulario técnico e a precisión conceptual que requira cada teoría filosófica.

O tipo de actividades que se levarán a cabo, adaptarase ás características de cada alumno/a, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesmo/a, traballando a profundización en diversos aspectos da Historia da Filosofía.. Ademais terase en conta:

- Incorporación da dimensión práctica ás áreas.

- Fomentar o traballo en equipo.

- Fomentar a capacidade de autonomía do alumnado e desenvolver a capacidade de aprender a aprender.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Aula virtual da materia.
Apuntamentos propios do profesorado
Videos tutoriais de apoio das explicacións e tarefas
Páxina da ciuga/cesga para os textos

Ordenador conectado a internet, proxector, altavoces

Libros e artigos de lectura

Cada sesión terá lugar nunha aula no centro cun ordenador conectado a internet e unha pantalla con proxector e sonido, e aula Virtual. O Libro de texto obrigatorio será o da editorial Rodeira, ano: 2023 que se tomará como manual básico, ademais dos contidos da AV.

Os pupitres individuais servirán tanto para o traballo individual como para conformar diversos grupos segundo as necesidades de cada UD. En cada aula usaranse os apuntamentos da Aula Virtual e o libro de texto, folios para escribir e diversos documentos impresos entregados ao longo do curso: textos, mapas conceptuais, fotocopias con actividades diversas.

Os Comentarios de Textos serán actividades obrigatorias para redondear ou subir a nota final até + 0,50 ou - 0,50 se non se entregaron en prazo obrigatorio ou se foron copiados

(considéranse non entregados os que foron copiados, e baixarán do mesmo modo -0,50). A Aula virtual servirá como repositorio de materiais, como lugar de contidos obrigatorios para o exame e como instrumento de comunicación, xunto coa páxina web do centro e o correo electrónico. A web do centro servirá ademais como instrumento de comunicación e indicación de tarefas realizar.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas dúas primeiras semanas do curso realizarase unha proba escrita que consistirá nun Cuestionario sobre coñecementos de historia da filosofía.

Servirá para avaliar tanto os coñecementos previos do alumnado como a súa capacidade na expresión escrita clara e rigurosa. Permirá adaptar os procesos de ensino aprendizaxe aos trazos específicos e individuais do alumnado.

Cunha taboa de indicadores baseada na corrección dun cuestionario inicial nas dúas primeiras semanas, e posto en común na aula .

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	15	20	15	10	100
Proba escrita	95	95	95	95	95	95	95
Táboa de indicadores	5	5	5	5	5	5	5

Criterios de cualificación:

1. Os Exames escritos terán un formato bastante semellante á Proba de Acceso á Universidade, e suporán o 95 % da cualificación global, e engadiranse até 0,50 como máximo por Comentarios de texto ou Resumos, esquemas, ensaios, entregados e esixidos polo profesor, para así redondear a cualificación. Se non se entregan, se non se entregan en prazo, ou se copian de internet, baixarase -0,50 á nota do Exame. Nos Comentarios entregados será obrigatorio empregar os apuntamentos da Aula Virtual ademais do libro de textos da editorial Rodeira. " Historia da filosofía. Doutra maneira ". Ano: 2023. Deste modo evitaremos copiar de outras fontes da rede, pois deben ser prácticas útiles para saber realizar os comentarios dos exames.

Nas Tarefas a entregar, comentarios, esquemas, resumos, etc baixarase até 0,15 como máximo, polas faltas ortográficas, tiles ou incoherencias lingüísticas

Estrutura do Exame: O Comentario de texto do Exame será unha explicación sobre un Texto das ABAU e o desenvolvemento dunha Temática ligada ao texto, que valerá 8 puntos.

Ademais haberá outra pregunta Temática do mesmo autor ou doutros autores diferentes, que valerá 2 puntos. Terase en conta como máximo as incorreccións gramaticais, incoherencias lingüísticas e faltas ortográficas e tiles nas tarefas e nos exames en menos de 0,50 na nota final. Poderase empregar rúbrica que se aplicará para a corrección de composicións filosóficas, inspirada nos criterios da abau..

Procedemento para achar a Cualificación Final do Curso:

A nota da Avaliación Final Ordinaria, será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.

A Cualificación Media Final do curso, farase coa nota numérica real sacada nos exames , máis se houbo unha actividade entregada, sumando até máximo: + 0,50 ou - 0,50 se non se entregou ou se se entregou copiada de internet. Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior ao 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Redondeo da puntuación : Á nota de cada avaliación se lle aplican as seguintes regras de redondeo: (1) un 0.50 ou máis se redondean ao número enteiro que segue). (2) no caso de que a cifra sexa inferior a un 0.50 se redondean ao enteiro inferior) . Exemplo: un 4.50 ou máis se redondean ao 5). (2) exemplo: no caso de que a cifra sexa inferior a un 4.50 se redondean ao 4) .

Falta de asistencia a un Exame:

Se un alumno/a non poido asistir a un exame, só se repetirá o mesmo se hai unha Xustificación médica ou oficial, que acredite que non poido asistir ese día.

Criterios de recuperación:

O procedemento de Recuperación será nunha proba de " Recuperación Final de Avaliacións Suspensas "

Cando un alumno/a teña unha, dúas ou tres avaliacións suspensas, e se a media non lle da para aprobar, terá a oportunidade de facer unha Proba de Recuperación Final baseada nos contidos das Avaliacións suspensas correspondentes, conservándolle as notas das avaliacións aprobadas ou dos pensadores aprobados. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5 ao facer media coas outras avaliacións realizadas ao longo do curso, ou se fixo as outras no Exame final coas feitas nese exame. Para beneficiar ao alumnado, sempre se fará a media cos exames feitos cuxa nota sexa a máis elevada. As faltas ortográficas, tiles e incoherencias lingüísticas baixarán a cualificación dos exames e das tarefas en Menos de 0,50.

Nese " Exame de Recuperación Final das Avaliacións Suspensas ", só sumará para a media as propias cualificacións obtidas , sen sumar ningunha entrega de tarefas.

O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5 na media das tres avaliacións e unha vez aplicado o redondeo. Nesa media só se terán en conta as cualificacións dos exames do curso e do Exame de Recuperación Final, para recuperar, sen engadir traballos ou tarefas.

Avaliación Extraordinaria:

Logo da avaliación final do período ordinario ata o remate do período lectivo o alumnado terá dereito a preparar e realizar unha Proba para a Avaliación Extraordinaria, no caso de non ter superada a Avaliación Ordinaria.

A cualificación da Avaliación Extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado dunha Proba escrita deseñada polo Departamento de Filosofía. O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5. As faltas ortográficas, tiles e incoherencias lingüísticas baixarán a cualificación dos exames e das tarefas en Menos de 0,50.

Falta de asistencia a un Exame:

Se un alumno/a non poido asistir a un exame, só se repetirá o mesmo se hai unha Xustificación médica ou oficial, que acredite que non poido asistir ese día.

6. Medidas de atención á diversidade

En colaboración co Departamento de Orientación, se existise alumnado con TEA ou TDAH, dislexia ou calquer outra particularidade individual, asumiranse as pautas establecidas por Orientación para a estrutura dos exames que están recollidas en FOL. O proceso de aprendizaxe ensinanza precisa ser individualizada as necesidades do alumnado. Neste sentido as medidas de atención a diversidade son actuacións, estratexias e / ou programas destinadas a proporcionar resposta ás necesidade educativas do alumnado (artigo 7 decreto 229/2011, da lei orgánica 2/2006 de 3 maio).

Na avaliación previa e en coordinación coa xunta de avaliación e o Departamento de Orientación se desenvolveran as seguintes medidas no caso de ser precisas.

ORDINARIAS: Facilitan a adecuación do curriculum sen alteracións significativas dos obxectivos, contidos nin dos Criterios de avaliación. Dan resposta as diferenzas en competencias, motivación, estratexias , estilos e ritmos de

aprendizaxe. Sinalamos as seguintes:

1) Adaptación da xestión da aula as características concretas da aual, favorenzo o acceso aos recursos e a convicencia. 2) Adecuación da programación ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles. 3) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxes por proxectos. 4) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería. 5) Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado. 7) Programas de enriquecemento curricular para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

EXTRAORDINARIAS. Diseñadas para atender necesidade específicas de apoio que requiran modificacións significativas do curriculum ou supoñan unha modificación organizativa ou ben doxeito de acceder ao curriculum ou da modalidade de escolarización. Serán aplicadas cando as ordinarias sexan insuficientes ou se demostren esgotadas. Son casos nos que ai barreiras singificativas para conseguir os obxectivos da aprendizaxe axeitadas ao seu desenvolvemento (atraso madurativo, transtornos do desenvolvemento relacionados coa linguaxe e/ou comunicación, descoñecemento da (s) lingua(s) de aprendizaxe, vulnerabilidade socio educativa ou polas altas capacidades entre outras). En colaboración co titor e o departamento de orientación farase unha planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe. Na avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Proporáanse medidas de reforzo individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para alumnado que presente dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual.

Neste sentido para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Sempre coa finalidade de potenciar o espírito crítico, a autonomía do alumnado propios da filosofía. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos. Nas actividades voluntarias especificadas na metodoloxía ofreceráanse este tipo de reforzos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A materia de Historia da Filosofía é un instrumentos perfecto na traballo escolar común na consecución dos elementos transversais recollidos na lexislación. Ao provover o espírito crítico para adquirir ferramentas teóricas e prácticas no uso autónomo da razón do alumnado contribúe explícitamente, como se ven espedificando en tódolos apartados da programación, nesta transversalidade. Terase moi en conta a competencia dixital dos discentes.

A educación emocional en valores democráticos, respectuos coa diversidades e consciente da discriminacións (eurocentrismo, machismo, racismo...) coa metodoloxía planificada será a clave.

A Historia da filosofía se fundamenta en textos e nas ferramentas de lectura e comentario crítico dos mesmos. O uso de ferramentas dixitais e alfabetización no uso de buscadores en internet sen outro dos pilares da materia.

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo: 1) Fomentaranse a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais. 2) - Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia. 3) Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia ao teatro se hai algunha obra de carácter filosófico	asistencia a obra teatral		X	

Observacións:

Dada a falta de horas lectivas para explicar todo o temario de cara ás ABAU, non se prevé moita actividade extraescolar en 2 de bacharelato, agás se aparecese a posibilidade de asistir a algunha obra teatral preto da contorna, e que esta fose vinculada a algunha das filósofas ou filósofos tratados.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O sistema de avaliación resultou adecuado para avaliar as competencias
A ponderación dos criterios de avalaiación resultou adecuada

Os instrumentos de avaliación foron os acaídos en cada circunstancia
A secuenciación e temporización estivo axustada
Abordáronse os temas transversais acordados
Os resultados académicos no grupo nesta materia, foron similares ou mellores ca os da media dos cursos anteriores
Os resultados acadmémicos acadados nesta materia correspóndense cos resultados medios do grupo na maioría de materias
As actividades extraescolares realizadas na materia permitiron mellorar as competencias do alumnado
Metodoloxía empregada
Emprégase estratéxia metodolóxica común par todo o departamento.
Empregouse unha metodoloxía diversa
Coa metodoloxía empregada acadáronse os obxectivos de aprendizaxe perseguidos
O material didáctico empregado resultou o adecuado
Empregáronse recursos TIC
Medidas de atención á diversidade
As medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE foron adecuadas
Clima de traballo na aula
A metodoloxía permiteu o control de clase
A valoración realizada polo alumnado sobre a materia resultou positiva
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Participouse co alumnado en proxectos interdisciplinares de centro
Outros
Seguíronse os acordos aprobados no PLC respecto á competencia comunicativa

Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 4, indicando o 1 a menor consecución e o 4 a maior. Os resultado desta avaliación recolleranse na memoria final de curso e poñerase en coñecemento na reunión do Departamento para poder incorporar melloras en vindeiros cursos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de departamento. Neste seguimento terase en conta:

1. Se as sesión prevista por UD foron as suficientes e datas de inicio e final de cada UD
2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD.
3. Propostas de mellora
4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

9. Outros apartados